

1-Instalar 7zip


- Facemos dobre clic sobre o arquivo de instalación de **7zip**




- Inmediatamente se abre unha xanela de diálogo que nos pide que lle indiquemos unha carpeta de instalación. Podemos deixar a proposta e premes en **Executar**



- Veremos que se instala automaticamente e ao rematar proponnos reiniciar o equipo e premer no botón “**Install**”



- Remata a instalación reiniciándose o equipo.
- Unha vez reiniciado o equipo, para comprobar que **7zip** está correctamente instalado prememos co botón dereito do rato sobre calquera arquivo ou carpeta do escritorio e teremos que ver aparecer no menú as opcións de 7zip



2-Como funciona 7zip


COMPRIMINDO ARCHIVOS OUCARPETAS

- Para comprimir un ou varios archivos, simplemente teremos que seleccionar os archivos a comprimir e premer sobre eles co botón dereito



Abrese un cadro no que seleccionamos a opción **7zip** e no menú que aparece prememos na de **“Añadir ao arquivo...”**

- Ábrese así unha nova xanela de diálogo, que xa nos propón un nome para o arquivo comprimido, que poderemos mudar. Tamén nos propón o formato zip de compresión e outras propiedades que mellor deixamos como están. Logo simplemente prememos no botón final **“Dacordo”**.



O arquivo comprimido gardarase xunto cos outros arquivos.

- Para comprimir unha carpeta ou directorio faremos o mesmo procedemento, seleccioando a carpeta co botón dereito e procedendo como fixemos cos arquivos.

DESCOMPRIMINDO ARQUIVOS

- Cando temos un arquivo comprimido simplemente premeremos co botón dereito do rato sobre o arquivo e recomendamos a opción que nos propón **7zip** e que observamos na imaxe “**Extraír para....**”



Con esta opción, se dentro do arquivo comprimido viñesen varios arquivos, meteríamolos por defecto nun carpeta que se chamará igual que o arquivo comprimido. No exemplo da imaxe, **ExArdora1**